



COMPARECENCIA DO DIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UE PARA INFORMAR DO CUMPRIMENTO DO CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL

(Criterios básicos para a regulación das viaxes oficiais ao exterior dos altos
cargos da Administración autonómica galega)

Parlamento de Galicia, 21 de xullo de 2016 (10:30 H.)

Señor Presidente, señorías:

Como ben coñecen, a aprobación da nova *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno* (¹), abre unha nova etapa nesta modalidade de comparecencias para informar das viaxes oficiais dos altos cargos da Administración autonómica galega ao exterior, xa que o seu artigo 10 amplía os suxeitos públicos que non son estritamente dependentes da Xunta de Galicia, pero que tamén deben informar das súas viaxes oficiais ao exterior, introducindo unha periodicidade indeterminada aínda que igual para todos, aínda por determinar.

Nesta comparecencia veño a informar xa que logo e en puridade do que atinxe ás viaxes dos altos cargos do sector público autonómico². Por conseguinte, feitas estas imprescindibles puntualizacións legais preliminares, que nos sitúan no novo contexto marcado polo lexislador galego, de inmediato paso a informar a esta Comisión das viaxes ao exterior efectuadas polos altos cargos da Administración autonómica galega e do seu sector público durante o primeiro semestre de 2016.

En primeiro lugar cómpre salientar a relevancia das viaxes do **Presidente** da Xunta de Galicia durante este semestre. Abonda con subliñar ante todo os encontros institucionais directos que mantivo cos presidentes das tres repúblicas que visitou, como son as de Arxentina, Uruguai e Cuba.

No tocante á viaxe institucional do Presidente galego a Arxentina e Uruguai, encetou o 21 de abril, cadrando coa Feira Internacional do Libro de Bos Aires. Esta Feira constitúe un dos eventos culturais máis relevantes de Latinoamérica, chegando a súa cadraséximo segunda edición, estando adicada ademais á cidade de Santiago de Compostela, e remataría co balance dun millón de visitantes. O Presidente estivo acompañado polo Alcalde de Santiago de Compostela, polo Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación

¹ Publicada no Diario Oficial de Galicia do 15 de febreiro de 2016.

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

² Letra a) do artigo 3.1 da Lei 1/2016.



Universitaria, e máis polo Secretario Xeral de Cultura. Tamén foron convidados máis de dúas dúcias de escritores galegos.

Por outra banda, o Presidente asistiu á celebración da actividade de exaltación da herdanza galega denominada “*Bos Aires celebra Galicia*”, pola que a cidadanía da capital arxentina reconece a contribución da nosa colonia á construción e cohesión desa megalópole e, por extensión, á República Arxentina.

Pero sen dúbida o acto máis relevante para esta Comisión ha ser o encontro que mantivo o noso Presidente co novo Presidente da República Arxentina, D. Mauricio Macri. Como é sabido, o Presidente Macri ten unha axenda moi apretada, e esperta gran interese internacional, como o amosan as recentes visitas dos presidentes da República Francesa e dos Estados Unidos de América. Pero aínda así foi posible atopar un oco na viaxe do Presidente galego para manter un diálogo moi construtivo, centrado fundamentalmente en aspectos de natureza económica.

Arxentina quere transmitir ao mundo que a seguridade xurídica que agora ofrezca aos investimentos será homologable á de calquera país occidental, e nós cremos que hai suxestivos ámbitos para o crecemento económico que poden ser de interese para as nosas empresas. Dende logo, ámbolos dous Presidentes cadran en que hai espazo para incrementar os intercambios comerciais e os investimentos produtivos recíprocos.

Polo que atinxe á extensión desta viaxe presidencial a Uruguai, cómpre salientar igualmente o encontro mantido co Presidente desa República, Dr. Tabaré Vázquez, no que se trataron asuntos como a posible participación galega en sectores en expansión naquel país, como as enerxías renovables ou as infraestruturas. Ademais deste acto, o Presidente da Xunta mantivo unha reunión coa mocidade galega do Uruguai, onde máis do 70 por cento da nosa colectividade xa naceu alí, polo que a proximidade con estas segundas xeracións resulta prioritaria a fin de manter aceso o facho da galegitude. Tamén desenvolveu unha xuntanza empresarial na Cámara Española de Comercio de Uruguai e co Intendente da cidade de Montevideo, o que lle permitiu acadar unha máis plural percepción da realidade uruguiaia.

A outra viaxe presidencial de gran relevancia neste primeiro semestre de 2016 foi a realizada **do 25 ao 29 de maio a Cuba**, acompañado polo Conselleiro de Economía, Emprego e Industria e máis polo Conselleiro de Política Social, ademais de polo Secretario Xeral de Emigración.

O propósito principal desta viaxe a Cuba foi o de reforzar as comunidades galegas no exterior e trasladarlle ao pobo cubano que Galicia quere formar



parte do proceso de reactivación económica do país, que semella coller pulo logo da visita do Presidente dos Estados Unidos de América á illa. Os fitos desta viaxe, ademais do encontro co Presidente do Consello de Estado e de Ministros da República, Sr. Raúl Castro Ruz, foron a celebración do undécimo plenario do Consello das Comunidades galegas, a desenvolver os días 27 e 28 de maio, no histórico palacio do Centro Galego da Habana; logo, no eido económico, a xuntanza co vicepresidente do Consello de Ministros e cos responsables de Comercio Exterior, Relacións Exteriores e Cultura; tamén o desenvolvemento do Foro económico Cuba-Galicia.

Coa finalidade de afondar nas relacións de afectividade e apego existentes entre o pobo galego e o pobo cubano, asinou un Memorando de entendemento entre a Xunta e o Ministerio cubano de Cultura.

No encontro co Viceministro primeiro do MINCEX (Ministerio do Comercio Exterior e o Investimento Estranxeiro), Antonio Luís Carricate, firmouse outro Memorando de colaboración sobre materias de competencia deste Ministerio, enfatizando o concerne aos sectores da biotecnoloxía, enerxía eólica, agroalimentario e o sector da biomasa. Tamén hai que salientar as oportunidades que as empresas galegas poden ter no ámbito da construción e da obra pública, perante da iniciativa cubana de incrementar un 30% as súas camas hoteleiras.

No Foro Económico Cuba-Galicia, o Presidente presentou ás empresas galegas que o acompañaban na súa segunda viaxe institucional a Cuba, como a proba de que Galicia cre firmemente no proceso de reactivación económica que está a vivir a illa. Salientou que Galicia conta con firmas que acreditan ser capaces de construír barcos, floteis para a industria petroleira e buques para as armadas máis importantes do mundo. Tamén lembrou que a industria galega do téxtil ten sona internacional; que o noso sector agroalimentario conta con grandes potencialidades; e que no eido do sector da enerxía Galicia está construíndo torres eólicas mariñas para empresas multinacionais, como Iberdrola ou Statoil. Fixo fincapé en que as nosas exportacións foron de máis de 19.000 millóns de euros durante o pasado ano 2015, acadando un récord histórico. Por iso quixo infundir esperanza ao pobo cubano, xa que a Cuba de hoxe vive unha encrucillada económica similar á que Galicia experimentou ao internacionalizarse a súa economía cando ingresamos na Comunidade Europea.

Co vicepresidente do Consello de Ministros cubano, Ricardo Cabrisas, mantivo o Presidente da Xunta outra sesión de traballo. Agradeceulle ao Vicepresidente Cabrisas o seu ofrecemento para coordinar co resto dos ministerios as posibilidades de negocio e a concreción de investimentos. No eido cultural, subliñou que a sinatura do pertinente Memorando permitirá “concretar distintas



actividades de operadores culturais, de información e de traslado de distintas experiencias no ámbito artístico e audiovisual, entre Cuba e Galicia”.

A axenda económica do Presidente da Xunta complementouse coas reunións que o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria desenvolveu co Viceministro da Enerxía e co Viceministro da Construción.

No acto de apertura do XI Consello de Comunidades galegas, o Presidente salientou o esforzo das comunidades galegas para integrar ás xeracións máis novas e fixo un chamamento para que a galegitude sexa unha forza viva fóra de Galicia. Afirmou que galegitude e modernidade non están rifadas, senón que son complementarias e se enriquecen mutuamente.

Xa na reunión co Presidente cubano, que por certo é a segunda que celebran, o Presidente galego agradeceu a cordialidade do pobo cubano e confirmou o interese por concretar colaboracións en sectores como o agroalimentario, o biotecnolóxico, o enerxético e o das tecnoloxías da información e comunicación (TIC). Singularmente, o Presidente da Xunta agradeceulle ao Presidente cubano a posibilidade de utilizar o antigo Centro Galego da Habana para a histórica xuntanza institucional de todos os centros galegos do mundo, por ser este un lugar fondamente simbólico para a nosa diáspora.

Pasando xa a informar das viaxes institucionais do **Vicepresidente** da Xunta de Galicia, direi que estivo en Cabo Verde o 30 e 31 de xaneiro pasado, acompañado por min mesmo³. Alí entrevistouse coa ministra de Turismo, Investimentos e Desenvolvemento Empresarial da República de Cabo Verde, Leonesa Fortes, e asinaron un Memorando de Entendemento para establecer unha colaboración permanente en materias como pesca, turismo, medio ambiente e educación.

Posteriormente mantivo un encontro institucional co Presidente da República, Jorge Carlos de Almeida Fonseca, o co entón Primeiro Ministro José Maria Pereira Neves - hoxe sucedido por José Ulisses de Pina Correia e Silva-. Aos encontros asistiu a embaixadora de España en Cabo Verde, Caridad Batalla Junco. Nestas conversas concordouse seguir apoiando o traballo de cooperación en materia pesqueira e acuícola do CETMAR e aproveitar a experiencia galega na implantación da enerxía eólica. Para nós queda clara a aposta galega por presentar á nosa Comunidade Autónoma coma un socio fiable en España e Europa para as comunidades de lingua portuguesa.

Asemade, o Vicepresidente galego visitou o Instituto Nacional para Desenvolvemento das Pescas (INDP), co que a Xunta colabora actualmente no marco do proxecto “*Fortalecemento de institucións académicas e de*

³ DX RR.EE e coa UE



investigación en Cabo Verde como contribución ao desenvolvemento social, económico e ambiental do sector mariño". Tamén xirou visita ao Entrepósito de Frío de Mindelo, en funcionamento dende o pasado mes de outubro, coma plataforma loxística estratéxica de distribución de produtos pesqueiros para todas as frotas que faenan no Océano Atlántico en xeral, e para a galega en particular, sobre todo para o sector do palangre de superficie, de grande importancia na zona. Cabo Verde ten sido definido como país prioritario da Cooperación Galega nos tres Plans Directores aprobados ata o momento, e entendemos que debe manter ese estatus.

Logo, o 18 de marzo, o Vicepresidente da Xunta desprazouse a Porto, onde xunto co Presidente da CCDR-N, Emidio Gómes, presidiron unha reunión de seguimento do Proxecto *Ariem 112* de cooperación transfronteiriza. Alí avanzáronse as principais liñas de acción do futuro proxecto de cooperación transfronteiriza en materia de estudo, prevención e resposta ás emerxencias. No seo da reunión anunciouse que esta iniciativa intentarase prolongar e reforzar no vindeiro período europeo, xa que se está deseñado un novo proxecto de cooperación transnacional a encadrar no futuro Interreg, para que continúe o traballo feito, ampliar o número de socios do proxecto, e que se incremente a súa dotación ata os seis millóns de euros. Ademais, deuse conta da nominación do proxecto *ARIEM 112* para a final dos *112 Awards* convocados pola EENA (Asociación Europea de Números de Emerxencias).

Finalmente, entre o 28 de abril e o 1 de maio, o Vicepresidente Rueda visitou á comunidade galega en México, para coñecer de primeira man a súa situación, acompañado polo Secretario Xeral deste eido.

Pola súa banda, o **Conselleiro de Facenda** só se desprazou a Bruxelas do 19 ao 21 de abril, xunto co seu Director Xeral de Planificación e Orzamentos, onde co apoio da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e coa Fundación Galicia Europa desenvolveu unha intensa axenda de traballo.

Alí presentou o documento "*Galicia cara ao 2020*". Tamén tivo unha xuntanza sobre o *Plan estratéxico de Galicia 2015-2020* cos eurodeputados galegos. Ademais, reuniuse co Vicepresidente da Comisión de desenvolvemento rexional do Parlamento Europeo, para debater sobre o futuro das políticas de cohesión e a posibilidade de adicar fondos á loita contra o devalo demográfico europeo, e por tanto tamén galego, e desenvolveu a presentación á Comisión do *Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020*, detallando a análise da coherencia coa estratexia *Europa 2020* e cos fondos programados pola Comunidade Autónoma nos programas operativos. Asemade reuniuse con responsables do Banco Europeo de Investimentos (BEI) para analizar posibilidades de mobilización de recursos do Fondo Europeo de Investimentos Estratéxicos en Galicia, e con responsables da DG Regio para avaliar as perspectivas para



Galicia da revisión financeira do marco 14-20 durante 2016 e a estratexia de Galicia perante os fondos de cohesión post 2020.

A **Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio** só se desprazou a Munich neste semestre, durante o 30 e 31 de maio, para asistir co Director de Augas de Galicia e co Presidente de SOGAMA á *Feira Internacional da Auga, o Saneamento, os Residuos e as Materias Primas*. Alí tiveron coñecemento de estratexias, novas tecnoloxías, propostas innovadoras e instrumentos pioneiros no ámbito dos residuos, do saneamento e do medio ambiente.

A **Conselleira do Medio Rural** estivo en Bruxelas do 21 ao 23 de febreiro por asuntos urxentes do seu departamento, onde se reuniu co director de Desenvolvemento Rural da Comisión Europea, Mihail Dumitru, ao que lle trasladou a realidade do sector lácteo galego, xa que Galicia ten unhas singularidades produtivas, non só dentro de España, senón en Europa. Entre as singularidades das que falou a Conselleira está o feito da fragmentación territorial da nosa Comunidade, polo que cómpre aumentar a base territorial dos gandeiros, simplificar a Política Agraria Común (PAC) e que esta sexa estable no tempo. Dumitru foi moi receptivo ás súas peticións. Esta viaxe formou parte da estratexia da Consellería do Medio Rural pola defensa do sector lácteo dende todos os eidos, e en colaboración co resto de consellerías e administracións, como acontece co Goberno central. Logo entrevistouse co director de Mercados, Joost Korte, ao que lle solicitou medidas adicionais para regularizar os mercados.

A **Conselleira do Mar** viaxou a Malta, Bruxelas e Namibia. A Malta do 3 ao 5 de febreiro co gallo da conferencia⁴ sobre o *triálogo entre ciencia, administración e interesados na xestión das pesqueiras*, para dar conta como poñente do traballo realizado pola Xunta de Galicia na consolidación de datos e análises socioeconómicas da pesca. En Bruxelas estivo do 19 ao 21 de abril e do 26 ao 28 do mesmo mes. Primeiro para presentar o proxecto *Blue Growth* da Autoridade Portuaria Vigo e a Xunta perante a Comisión Europea e os *lobbies* marítimo-pesqueiros, e para reunirse co Director Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da *DG Mare*, Sr. Joao Aguiar. No segundo caso foi a Bruxelas para acompañar a empresas galegas na feira *Seafood*. A Namibia viaxou a Conselleira do Mar do 6 ao 11 de xuño para plantexar e debater a sinatura dun memorándum de entendemento e apoiar a empresas de capital galego nese país africano. Neste caso reuniuse co Ministro de Pesca namibio e visitou diversas firmas do sector.

⁴ "Economic Advice in Fisheries, Management: a Trilogue Between Science, Administración and Stakeholders"



Respecto das viaxes de directores xerais e asimilados, tal como xa avanzamos en anteriores comparecencias, semella irónico cualificar de “exterior” as viaxes de ida e volta ao Norte de Portugal, a cotío encadradas en traballos rutinarios de cooperación transfronteiriza ou vencellados a proxectos europeos.

Si que debo detallar as viaxes do Secretario Xeral de Emigración, sempre relacionadas coas súas obrigas de atención ás diferentes colectividades ou para asistir co Presidente ou Vicepresidente da Xunta, como xa indiquei nas súas respectivas viaxes a Arxentina, Uruguai, Cuba e México. Tamén tivo que desprazarse ao Brasil, Suíza e Lisboa.

A **Directora da Axencia de Turismo** estivo en Berlín, do 8 ao 12 de marzo, na Feira ITB. Logo, do 27 de marzo ao 1 de abril estivo en Paraguai, en cumprimento do convenio asinado entre Turismo de Galicia e a Secretaría de Turismo de Paraguai para a cooperación na promoción dos dous destinos. Debido ás similitudes destes destinos estase a fomentar o intercambio de experiencias, especialmente no relativo ao Camiño de Santiago e ás Rutas Xesuíticas paraguaias. A maiores, estableceuse un fluxo de datos e información sobre formación hoteleira e turística existentes entre os dous destinos, así como a posta en marcha conxunta de programas de capacitación e formación de estudantes no sector do turismo e a difusión de información sobre eventos culturais que teñen lugar nos dous países. Esta cooperación aséntase no convenio asinado entre Galicia e Paraguai na última edición de FITUR, na presenza do Secretario Xeral da Organización Mundial do Turismo, Sr. Taleb Rifai.

Do 13 ao 17 de abril estivo en Tokio co gallo da inauguración da exposición Camiño de Santiago, amparada no décimo octavo (XVIII) Foro España–Xapón. O obxectivo foi fomentar a creación de redes de contactos entre profesionais, empresas e institucións xaponesas e españolas con intereses complementarios. A exposición promoveu e difundiu a Ruta Xacobeana no mercado nipón, xa que é un mercado emerxente do que xa chegaron 1.197 pelegríns en 2015, o 0,46% do total. No marco deste Foro España–Xapón, Turismo de Galicia celebrou presentacións dirixidas a tour-operadores turísticos e medios de comunicación.

Por último, do 3 ao 7 de maio, a Directora da Axencia de Turismo de Galicia estivo en Cuba, para asistir ao Congreso Internacional de Turismo e Cultura da Organización Mundial do Turismo. Aproveitou para promocionar e comercializar o Camiño de Santiago como o produto cultural e turístico máis importante de Galicia e o principal recurso captador de turismo internacional da Comunidade.

Pola súa banda, o **Director Xeral do IGAPE** estivo en México do 14 ao 19 de febreiro para realizar encontros en México D.F., Tlaxcala e Puebla, co obxecto



de procurar novas oportunidades de negocio e alianzas para as empresas galegas e intensificar o avance das relacións comerciais con México, onde as exportacións galegas a este país medraron un 11,20% entre 2014 e 2015, pasando de 222,4 M€ a 247,3 M€. Se a comparación se establece co 2009, o incremento foi do 75%. Logo estivo o 14 e 15 de marzo en Düsseldorf para reforzar dende o ámbito institucional a presenza das adegas galegas amparadas polas Denominacións de Orixe (D.O.) na feira *Prowein*. Foi a primeira asistencia conxunta das cinco D.O. galegas do viño, no seo do pavillón ICEX, cun espazo expositivo de 200 metros cadrados. Desenvolveuse ao abeiro do acordo marco asinado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do IGAPE, cos consellos reguladores, para desenrolar un plan de promoción dos viños de Galicia que busca incrementar as exportacións.

O **Secretario Xeral de Política Lingüística** foi a Michigan do 19 ao 22 de abril para participar no II Simposio de Estudos Galegos na Universidade de *Ann Arbor* e promocionar os estudos galegos en EEUU. Logo, do 26 ao 29 de maio, tamén se desprazou a Cuba para desenvolver a ponencia de lingua e cultura galega perante o Consello das Comunidades Galegas alí celebrado.

Pola súa banda, a **Directora da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS)** estivo en Ámsterdam o 2 e 3 de marzo, co gallo do lanzamento dun proxecto europeo⁵, para reforzar a colaboración en Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias (ETS) a nivel europeo e aumentar o uso, calidade e eficiencia do traballo conxunto. Durante o encontro, os participantes analizaron diferentes fórmulas de colaboración para a avaliación de tecnoloxías sanitarias entre os sistemas de saúde europeos.

A **Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro** foi a Bruxelas o 15 e 16 de marzo para asistir á reunión organizada por FARNET (Comisión Europea) para tratar da primeira Convocatoria da orde do proxecto GALP con 9,5 millóns de euros.

O **Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica** estivo en Bremen, Boston, Bruxelas e Namibia. En Bremen na Feira *Fish International* (14 e 15 de febreiro); en Boston na *Feira Seafood* (5 a 8 de marzo); en Bruxelas na súa Feira *Seafood* (26 a 28 de abril), e tamén o 23 e 24 de maio para asistir á conferencia “*Aproveitando o crecemento azul: o camiño a seguir da acuicultura europea*”. Alí reafirmou perante as instancias europeas a aposta de Galicia polo desenvolvemento da acuicultura e a continuación da intensa labor da Xunta dentro das institucións europeas a prol dun desenvolvemento sostible e equilibrado da acuicultura en Europa. Finalmente, a viaxe a Namibia

⁵ KICK-OFF MEETING EunetHTA Join Action3.



do 6 ao 11 de xuño realizouse dentro do programa desenvolvido pola Conselleira nese país.

A **Directora do INTECMAR** estivo o 13 e 14 de xaneiro en Wymouth (Inglaterra) nunha xuntanza científica sobre o control da calidade marisqueira, que dou como resultado a publicación da Opinión científica da EFSA (Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria). Tamén estivo o 10 de maio en Bruxelas para asistir ao Grupo de traballo de moluscos bivalvos, participando no debate sobre a necesidade de legislar ou non un límite legal para as Tetradotoxinas (TTX) en moluscos bivalvos.

Polo que a min mesmo concerne os desprazamentos rutinarios seguen sendo a cotío a Bruxelas por mor das miñas obrigas no CdR ou a outras localidades fixadas por este órgano da UE e por conta del, caso de Innsbruck, Maia ou Ámsterdam. Alén deste eido asistín ademais o 23 e 24 de maio como membro da Delegación española ao *I Cumio Humanitario Mundial*, celebrado en Estambul.

Non quero rematar sen facer unha breve reflexión sobre a Estratexia de Acción Exterior que estamos a desenvolver, agradecendo en primeiro lugar as súas pertinentes achegas. Non obstante, o resultado do referéndum británico obríganos a reformular moitas das nosas avaliacións, porque non lles oculto a nosa preocupación polo impacto que pode ter en Europa, e moi concretamente no que atinxe aos orzamentos da Unión Europea e á posición de Portugal, aliado histórico tradicional do Reino Unido no continente.

A relación con Europa e con Portugal supoñen o cerne da nosa acción exterior. As nosas perspectivas cara ao modelo financeiro plurianual no que habería que comezar a traballar durante 2017 e 2018 cara ao *post 2020* deben ser sometidas agora a unha completa re-avaliación.

Máis nada e moitas grazas. Quedo xa á súa disposición para o que estimen oportuno prantexar en relación con esta comparecencia.